

Guàmora

Xián



(non para de Pau)

Fai anos na Aldea da Lagoa naceu un bebé sen unha perna. Cando comezou a erguerse o seu pai que era carpinteiro fíxolle unha pata de pau con madeira da Figueira. A sua nai que debuxaba nas zocas que facía o seu pai, púxolle o seu nome na perna.

Cando o neno comezou a escola ríanse del:

- Mira, velaí ven un pirata, esqueceches o parche, fáltache o garfo!
- Cala, cala non sexa que saque a pata e cha arrebole! - Eran algunas das parvadas que tiña que escoitar cada día.

A clase de Educación Física era a peor, o mestre sempre lles mandaba botar carreiras e o neno sempre chegaba último, e veña mais chanza: que pasa, o teu pai non lle puxo motor á pata?, ou: hoxe non cargaches a batería da perna!

O neno sentíase moi triste e refuxiábase no garaxe da casa, onde o pai tiña a carpintería. Alí aprendeu a facer toda clase de xoguetes e a arranxar ou reciclar cousas vellas.

Un día o neno chegou ao garaxe morrendo ca risa e o pai preguntulle que lle pasara:

- Pois que o parvo do Cara Torta quería coller a pelota da fonte e no canto de buscar un pau estirouse tanto para botarlle a man que caeu de fuciños dentro!

- Fillo, non deberías burlarte de ninguen, senón axudarlle e... ¿que é iso de Cara Torta? Non deberías poñer motes aos compañairos.

- Pero papá , a min tamén me amola que mechamen Pata de Pau e que se rían de min, ademáis os motes non llos digo na cara, son segredos.

- Fillo, se fas o mesmo que fan eles serás coma eles, entendes? Ao neno non lle gustou escoitalo pero no fondo sabía que o pai tiña a razón.

- Vale papá, non o farei mais.

A mestra do neno era boa e os levaba de cotío de excursión á natureza, e sempre encontraban insectos, animais ou cousas interesantes. Un día a mestra preguntoulles aos alumnos por unha flor que so medra na Illa da Lagoa.

- É a flor da Illa!, a preferida da niña nai, ela sempre a debuxa nas zocas que fai o meu pai , pero fai anos que non a vemos porque so medra na Illa. -Dixo o neno

-Entón ti tes que ser un dos que veñan a buscalá – dixo a mestra- para iso pedín prestada unha barca. Como non cabemos todos, vou facer un sorteo para levar a catro alumnos mais. Escolleredes un papel deste sobreiro, os que collan a flor debuxada son os que virán.

O neno non podía crelo... os malignos do Cara Torta , o Cenoria, e o Javota ían con el á expedición. Tamén viña Carme pero ela non molestaba, era a nena mais boa, intelixente e fermosa do mundo! Os cinco marcharon coa mestra rumbo á illa. Cando levavan un bo cacho recorrido o motor estoupou e rompeu a barca, que comezou a anegarse. A mestra comezou a berrar pedindo axuda e o Cara Torta berraba que non quería morrer, que non sabía nadar.

A barca afundiuse e todos estaban a piques de afogar mentres que o noso protagonista grazas á sua pata de pau flotaba relaxado facéndose o morto e cavilaba:-podería salvar ás chicas e a eles deixalos morrer a todos, polo moito que me levan amolado toda a miña vida. Pero nese intre recordou as palabras do pai:

-Non fagas o mesmo ca eles, ou serás coma eles...

-Mécache!, teño que salvalos. Agarrádevos a niña perna!- Berrou o neno.

Todos se colleron á pata, e o neno nadando arrastrounos ata a illa.

A illa estaba deserta, mais no centro había montóns de flores fermosas, as favoritas da sua nai.

- Conseguímolo! Vou coller un ramo para a niña nai.- Dixo o neno.
- Como podes pensar niso agora? – Preguntou o Cara Torta. – Aquí non hai comida e vai moito frío, imos morrer todos!- E comezou a chorar outra vez coma unha fonte.

O Cenoria e o Javota que sempre seguían ao Cara Torta nas súas falcatruadas, pensaron que si el choraba era o fin, e comenzaron a chorar tamén. Carme ollaba a escea abraiada e a mestra púxose a cantar para tratar de calmalos. Pasaban as horas e non se sabe si foi pola cantiga da mestra, pero o caso é que caeu unha cacho trebada, ninguén viña a salvalos e tiñan moito frío, estaban a piques de empaparse cando da perna de pau do neno... brotou unha figueira xigante! Todos quedaron coa boca aberta. – Debeu ser que

de tanto mergullar a perna na auga doce da lagoa, ao mellor dentro da pata había unha semente e regouse... -Dixo o neno.

- O caso é que xa temos refuxio. -Dixo a mestra.

De súperto, ao Cara Torta caeuille algo duro na cachola.- Auuu!, Que raio é iso?- Laiouse.

Son figos! - Exclamou a mestra.

- Grazas á perna de pau temos refuxio e comida! - Dixo Carme.

- Hai que amolarse, a pata de pau salvounos a todos de morrer afogados, de frío ou de fame – Dixo o Javota.

- É incríble! - Berrou o Cenoria. E todos comerón os figos, mesmo o Cara Torta se puxo morado.

Ao día seguinte o neno, que era ben apañado fixo unha balsa e uns remos coa Figueira e levounos a todos sans e salvos á aldea. Ao chegar había moito barullo, todos os pescadores e os veciños estaban na sua procura. Cando lles preguntaron que pasou o Cara Torta estoupou a chorar por terceira vez : - ¡que a barca afundiu e case morremos, pero o Pata de Pau salvóunos a todos! – E de súperto aconteceu algo que ninguén podería imaxinar, o Cara Torta doulle un abrazo enorme a Pata de Pau e repetía coma un tolo : - garzas, grazas, grazas! De hoxe en adiante farei todo o que me pidas.

- Non quero nada. - Respondeu o neno. – Bueno, minto, so quero ser un mais e que deixedes de burlarvos da niña perna de pau e me chamedes polo meu nome, chámome Xian – Dixo o neno.
- Vale, dacordo!- Respondieron todos.
- Entón o Cenoria enchéuse de valentía e confesou: - a min dábame pau ser o único pelirroxo da escola, pero xa non me da.
- A min ter a cara tan aplastada que parece que me arrebolaron un tixolazo, pero xa non me preocupa- Dixo o Cara Torta.
- A min ter esta voz de gaivota, pero comeza a gustarme, me da personalidade – dixo o Javota.
- E a min...- Dixo Carme. - Imposible, ti es perfecta! - Escapóuselle a Xian.

- e por qué pensas que sempre levo o pelo solto? -dixo a nena recollendo o pelo,
 - porque teño estas cacheo forellas!
- Era certo, Carme tiña uns cacheo forellóns.
- - Pero... si son os forellóns mais bonitos do mundo!, nunca vira unas forellas más chulas, nin as que cociñamos no entroido!- Dixo Xian.
- Carme sorriu colorada – Grazas, dende agora penso facer coletas e moños e deixar de pasar calor- Dixo.

Os veciños decidiron homenaxear a Xian pola sua valentía cada ano, facendo unha romería na Illa da Lagoa. Todos ían en barcos pesqueiros engalanados tocando e cantando. O pai de Xian fixo unha estatua de madeira do neno cun ramo de flores da Illa na man.

O día da inauguración Xian estaba nervioso por ter que dar o discurso. Cando se descubreu a estatua ollou cara os nenos pequenos que estaban sentados na primeira fila. Levaban patas de pau amarradas ás suas pernas porque querían ser coma el. E dixo: – o día que se afundeu a barca tiven medo, pero coido que todos aprendemos unha valiosa lección. Todos temos algo que nos fai ser diferentes, pero ás veces temos que buscalo no noso interior. Ser diferente non é mal ningún, as diferenzas nos fan ser especiais, únicos, nos mesmos.

Todos aplaudiron a Xian, e os nenos sacaron as patas de pau porque entenderon que non hai que imitar a ninguén.

Tempo despois Xian medrou e a perna de pau quedoule pequena, pero agora lle tiña moito agararimo pois grazas a ela estaba vivo. Ocorréuselle unha idea: fixo un furado nunha das zocas que facía o pai e enroscou a pata no furado, así salvou a diferenza de altura da pata, coa outra perna. A nai decoroullle a zoca cunha Flor da Illa na punta, e grazas ao punto de apoio da zoca, Xian comezou a gañar carreiras na clase de Educación Física.

FIN